

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)

Unha maneira de facer Europa

CLAVE: CPM.Innovaugas

ASUNTO: Resolución pola que se acorda o inicio do proceso de Consulta Preliminar ao Mercado no marco do proxecto Innovaugas 4.0 e se ordena a publicación das bases da convocatoria da dita consulta

O proxecto Innovaugas 4.0, cuxa finalidade é impulsar o desenvolvemento de actuacións singulares de innovación para contribuír á mellora dos servizos públicos que en materia de augas se ofrecen á cidadanía, ten recibido a proposta de resolución definitiva de concesión de axudas por parte do Ministerio de Ciencia e Innovación (liña de Fomento da Innovación dende a Demanda para a Compra Pública de Innovación), cuxo obxectivo é a mellora dos servizos públicos a través do fomento da innovación empresarial, mediante a selección das actuacións e proxectos que serán cofinanciados nun 80% polo Fondo Europeo de desenvolvemento Rexional 2014-2020 (FEDER).

De acordo co establecido no artigo 115 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, os órganos de contratación poderán dirixir consultas aos operadores económicos que estivesen activos no mercado coa finalidade de preparar correctamente a eventual licitación posterior e informar aos ditos operadores económicos acerca dos seus plans e dos requisitos que se esixirán para concorrer ao procedemento debendo publicarse no perfil do contratante situado na Plataforma de contratación do Sector Público ou servizo de información equivalente a nivel autonómico, a información necesaria sobre a convocatoria das ditas consultas.

É por ilo que esta entidade pública empresarial, dentro do marco do proxecto Innovaugas 4.0, considera conveniente, a efectos de preparar unha eventual contratación de un ou varios proxectos piloto de Compra Pública de Innovación, iniciar un proceso de Consulta Preliminar ao Mercado no que se informe aos operadores económicos dos retos e das necesidades administrativas que pretenden satisfacerse, de conformidade co documento titulado “*Bases da convocatoria de consulta preliminar ao mercado no marco do proxecto Innovaugas 4.0 da entidade pública empresarial Augas de Galicia*”, que se xunta á presente resolución.

De acordo co exposto,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o documento “*Bases da convocatoria de consulta preliminar ao mercado no marco do proxecto Innovaugas 4.0 da entidade pública empresarial Augas de Galicia*”.



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)

Unha maneira de facer Europa

Segundo.- Ordenar o inicio do proceso de Consulta Preliminar ao Mercado dentro do marco do proxecto Innovaugas 4.0, que se rexerá polo documento aprobado no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar, a efectos de dar publicidade á convocatoria, a publicación no perfil do contratante de Augas de Galicia e na páxina web do proxecto (<https://innovaugas.xunta.gal>) da presente resolución así como do documento “*Bases da convocatoria de consulta preliminar ao mercado no marco do proxecto Innovaugas 4.0 da entidade pública empresarial Augas de Galicia*” polo que se rexerá a convocatoria.

Faise constar expresamente que, por encontrarse en fase de desenvolvemento a habilitación dun espazo virtual específico na Plataforma de Contratos de Galicia para a publicación de Consultas Preliminares ao Mercado, a convocatoria da presente consulta publicarase no perfil do contratante de Augas de Galicia baixo a categoría de procedemento negociado sen publicidade.

O dito encadramento efectúase única e exclusivamente por razóns estritamente operativas a fin de posibilitar, en cumprimento da normativa de aplicación, a efectiva publicación no perfil do contratante desta convocatoria, cuxo obxecto é dirixir unha **Consulta Preliminar ao Mercado dentro do marco do proxecto Innovaugas 4.0**, sen que do devandito encadramento se derive en ningún caso o inicio dun procedemento de adxudicación negociado sen publicidade.

Santiago de Compostela,
Presidenta de Augas de Galicia
P.D. (Resolución 30/01/2012-DOG nº 21, 31/01/2012)
Directora de Augas de Galicia
(Asinado dixitalmente)
Teresa Mª Gutiérrez López

